



## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

### **Asunto: NOMEAMENTO DE SUPLENTE NA PRESIDENCIA DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA A FORMACIÓN DUNHA LISTA PARA O NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO/A INTERINO/A COMO TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL (SUBGRUPO A1)**

Por Resolución de Alcaldía núm. 83/2022 de data 14.02.2022 aprobouse a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo para a formación dunha lista para o nomeamento de persoal funcionario/a interino/a como Técnico/a de Administración Xeral (Subgrupo A1),cuxa convocatoria e bases específicas foron publicadas no BOP nº 196 de 14 de outubro de 2021.

En dita Resolución designábanse, así mesmo, aos membros que compoñen a Comisión seleccionadora para a formación de referida bolsa de traballo.

Estando convocados os aspirantes que superaron o primeiro exercicio da fase de oposición para a realización do segundo exercicio o día 16.03.2022, e sendo comunicado pola Presidenta do Tribunal a súa imposibilidade para a asistencia á realización de dito exercicio, faise necesario a designación de Presidente/a Suplente.

En base ao exposto, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Nomear como Presidenta Suplente do Tribunal do proceso selectivo para a formación dunha lista para o nomeamento de persoal funcionario/a interino/a como Técnico/a de Administración Xeral (Subgrupo A1), á funcionaria María del Mar Antón Brage.

**SEGUNDO.-**Publicar a presente Resolución no taboleiro electrónico e na páxina web do Concello.

**TERCEIRO.-**Notificar a presente Resolución á designada e dar traslado ao departamento de Persoal.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe.

*Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento  
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).*

